A linguaxe literaria

- **A literatura arte da palabra**: a literatura sérvese da palabra como principal medio de expresión. Xa que logo, podemos definir a literatura como *a arte da palabra.*
- **A linguaxe discursiva e a linguaxe literaria**: na linguaxe discursiva predomina unha actitude informativa e na linguaxe literaria predomina unha función estética.

- **Características da linguaxe literaria**: caracterízase e distínguese da linguaxe discursiva polos seguintes trazos básicos: a selección dos significantes en función das impresións e dos sentimentos que se queren espertar no receptor e o emprego sistemático de recursos estilísticos.
- **Formas da linguaxe literaria. Prosa**: os elementos que compoñen *unha mensaxe en prosa* distribúense de forma irregular, non están sometidos a un ritmo especial. **Verso**: os elementos que compoñen unha *mensaxe en verso* distribúense total ou parcialmente de forma regular, de xeito que se repiten creando un ritmo que percibimos ao escoitar a mensaxe.

- **Principais recursos estilísticos**: algúns recursos estilísticos non supoñen unha alteración lingüística, son recursos de carácter *lóxico*. Outros recursos, en cambio, teñen carácter lingüístico e responden aos tres niveis de estudo da lingua: *nivel fónico, nivel gramatical e nivel semántico.*

  - *Recursos de carácter lóxico*: hipérbole, prosopopea, antítese, paradoxo. Ironía, gradación, comparación.
  - *Recursos de carácter fónico*: paronomasia, aliteración, onomatopea.
  - *Recursos de carácter gramatical*: epíteto, anáfora, reduplicación, asíndeto, polisíndeto, hipérbato.
  - *Recursos de carácter semántico*: metonimia, sinécdoque, metáfora, sinestesia, alegoría, símbolo.

- **Versificación**: chamamos *verso* a cada unha das *liñas* nas que está distribuído un texto poético. Poden ser regulares e irregulares.

  - *Métrica. Medida dos versos*: para medir as sílabas dos versos hai que ter en conta dous aspectos, *o último acento do verso*: se remata en sílaba aguda(+1), grave(=) e esdrúxula(-1) *e as licenzas métricas*: sinalefa, diérese e sinérese. Poden ser de arte menor(até 8) ou de arte maior(+ de 8)
  - *A rima*: consiste na repetición dos sons finais dos versos a partir da última vogal acentuada. Pode ser *consonante* ou total(rima todo) e *asonante* ou parcial(só vogais).
  - *A estrofa*: os versos aparecen na composición poética agrupados en unidades superiores chamadas *estrofas*. Poden ser de dous versos, de tres, de catro, de cinco, de seis, de oito, de dez, combinada e dun número

indeterminado de versos. Na poesía actual a maioría das composicións poéticas están escritas utilizando *versos libres*, que son versos que carecen de rima, tampouco teñen medida e non forman estrofa.

- **Os xéneros literarios**: combinando os tres xéneros clásicos (lírica, épica e teatro) coas innovacións posteriores podemos facer a seguinte clasificación dos xéneros: a lírica, a épica-narrativa, o teatro e o ensaio.

  - *A lírica*: nas obras deste xénero, o autor expresa os sentimentos e as experiencias da súa intimidade dirixidos á súa propia intimidade ou á intimidade do receptor.

  - *A épica-narrativa*: englobamos no xénero da épica-narrativa todas as obras, en verso ou en prosa, construídas como o relato dunha historia -serie de acontecementos encadeados temporalmente- feito por un narrador para un narratario ou receptor. Formas que pode adoptar: *epopea e poesía épica, novela, novela curta e conto.*

  - *Teatro*: pertencen ao teatro aquelas obras en que a historia de ficción é representada por unha serie de actores e actrices que asumen de forma directa os seus parlamentos diante dun público e utilizan verso ou prosa. Formas que pode adoptar: *traxedia, comedia, drama ou traxicomedia e teatro lírico ou musical.*

  - *O ensaio*: inclúe obras en prosa de contido didáctico e non de fición, en que se unen o obxectivo pedagóxico ou investigador e o estético ou de creación literaria. Formas que pode presentar: a confesión, o diario íntimo, a biografía, o diálogo, as máximas, as glosas, as memorias, etc.